

ZONAS TERRITORIAIS:

Municipios de zona territorial 1

A Coruña: Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo.

Lugo: Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro.

Ourense: Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia.

Pontevedra: A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

ATPMS (Área Territorial de Prezo Máximo Superior) (comprende os seguintes municipios: A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.

Municipios zona territorial 2: resto de municipios da Comunidade Autónoma

PREZOS DE VENTA DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN PRIMEIRA ADXUDICACIÓN (MÓDULOS SEN PONDERAR)

TIPO DE VIVENDAS	ÁMBITO TERRITORIAL	PREZO M²
VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA	ZONA 1	947,50€
	ZONA 2	852,75€
BARRIOS HISTÓRICOS	ZONA 1	1182,48€
	ZONA 2	1061,20€
NÚCLEO RURAL	ZONA 1	947,50€
	ZONA 2	852,75€

1.- VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

Os estudos económicos que determinarán o valor das vivendas de promoción pública promovidas polo IGVS serán elaborados con base no 100% do módulo aplicable a cada metro cadrado de superficie útil, segundo a área xeográfica na que estén situadas, vixente no momento da cualificación definitiva da promoción. Nas vivendas unifamiliares a dita base será do 120%.

Os prezos de venda fixaranse ao lle aplicar ao referido estudo económico unha dedución en función dos ingresos familiares ponderados dos adxudicatarios e serán os seguintes:

INGRESOS PONDERADOS ENTRE 2-2,5 VECES IPREM	INGRESOS PONDERADOS ENTRE 1,5-2 VECES IPREM	INGRESOS PONDERADOS ATA 1,5 VECES IPREM
70% do valor da vivenda segundo estudio económico	60% do valor da vivenda segundo estudio económico	50% do valor da vivenda segundo estudio económico
Garaxes e rochos vinculados		
2% e 8% respectivamente do valor da vivenda		

A renda inicial anual para as adxudicadas en aluguer será a que resulte de aplicar o 3% ao prezo de venda de vivenda e anexos.

2.- VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA CUALIFICADAS EN NÚCLEOS RURAIS E BARRIOS HISTÓRICOS

Os prezos de venda e aluguer fixaranse en atención ao valor de venda e aos ingresos ponderados dos adxudicatarios/as.

Nos garaxes e os rochos vinculados o valor do m² de superficie útil será do 60% do valor de venda do m² de superficie útil da vivenda.

Prezos de venda:	
Ata 2,5 veces IPREM:	75% do valor da vivenda e anexos
De 2,5 a 3 veces IPREM:	80% do valor da vivenda e anexos
De 3 a 3,5 veces IPREM:	85% do valor da vivenda e anexos
De 3,5 a 4 veces IPREM:	90% do valor da vivenda e anexos
De 4 a 4,5 veces IPREM:	95% do valor da vivenda e anexos
De 4,5 a 5,5 veces IPREM:	100% do valor da vivenda e anexos

A renda inicial anual para as adxudicadas en aluguer será a que resulte de aplicar o 3% do prezo de venda da vivenda e anexos.

As vivendas cualificadas en núcleos rurais que se adxudiquen en aluguer poderán incluír unha opción de compra. Neste caso as cantidades pagadas en concepto de arrendamento descontaranse do prezo de venda.